

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

1. SERVIZO OU DEPARTAMENTO QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN E Ó QUE VAI DIRIXIDA A PRESTACIÓN NA QUE SE CONCRETA O CONTRATO.-

Departamento proponente: Negociado de Obras.

Departamento ao que vai dirixida a prestación na que se concreta o contrato: Negociado de Educación.

2. PRESTACIÓN DA QUE SE PROPÓN A CONTRATACIÓN (OBXECTO DO CONTRATO).-

O obxecto do contrato é a reparación de vías peonís, muro norte e casa dos patos do parque didáctico de Aquaciencia, situado no interior do Parque Raíña Sofía.

3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINES INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (Competencia Municipal).-

De acordo co informe do 02/07/2024, remitido polo Servizo ao que vai dirixida a prestación na que se concreta o contrato: *“Aquaciencia é unha instalación singular, toda vez que promove o coñecemento de leis físicas a través de experimentos que permiten realizar as distintas instalacións alí executadas...E unha instalación ubicada na parcela de propiedade municipal que constitúe o Parque Raíña Sofía, estando dotado do seu persoal específico (monitorado) para a súa xestión.*

En todo caso as ditas instalacións sufriron un importante deterioro, tanto derivado polo transcurso do tempo como por actos vandálicos, o que supuxo a necesidade se suspender as visitas, dado que as instalacións presentan defectos no seu funcionamento, e nalgún caso constituír unha fonte de risco para as persoas...calquera actuación de mantemento, reparación ou mellora ten o carácter de actuación executada nun servizo de propiedade municipal, adscrito ao negociado de Educación, e situada nun ben de dominio público, polo que ten o carácter de mantemento, reparación ou mellora de competencia municipal”.

Tal e como se indica na documentación técnica, o parque presenta en diferentes zonas, deficiencias nos seus pavimentos e pontes de madeira, ou ben por ser inexistentes ou por atoparse nun estado ruinoso debido á acción dos axentes atmosféricos e a vexetación sobre os mesmos supoñendo un perigo para os usuarios xa que hai risco de tropezos coas táboas rotas ou inexistentes ou por resultar esvaradíos en días chuviosos. A central hidroeléctrica, situada na zona central do parque, actualmente é inaccesible para usuarios en cadeira de rodas. Realizarase unha pequena rampla que permita salvar o desnivel entre estas dúas zonas e mellorar desta maneira o acceso á central a todos os usuarios do parque.

A antiga casa dos patos atópase cuberta por vexetación o que provocou a deterioración da tella de cubrición da cuberta. Por outra banda, modificouse a cota orixinal do edificio polo que parte do

mesmo atópase enterrado e cos ocós de fachada tapiados. O muro norte atópase en moi mal estado. A pintura é practicamente inexistente e a zona de ladrillo non ten relación co resto do muro. Así mesmo, a zona de coroación do mesmo presenta vexetación en toda a súa superficie.

Todo isto, de conformidade co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O artigo 25 establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, concretamente no punto b) fai referencia ao medio ambiente urbano, en particular, a parques e xardíns públicos; no punto d) refírese aos equipamentos da súa titularidade; no apartado l) ás instalacións de ocupación do tempo libre e no m) promoción da cultura e equipamentos culturais.

4. IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE.-

Búscase con este traballo, acondicionar o edificio e o parque eliminando as carencias e danos que ten na actualidade e mellorar as súas prestacións permitindo o seu uso dende o negociado de educación, que actualmente se ve minguado polas deficiencias citadas.

5. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DOS MOTIVOS VÁLIDOS PARA A NON DIVISIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO EN LOTES, de acordo co establecido no artigo 99.3 LCSP.-

Segundo se indica na documentación técnica, especificamente no Anexo IV.2.2):

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a correcta execución do mesmo dende un punto de vista económico.

A necesidade de coordinar as diversas prestacións verase imposibilitada pola división en lotes do contrato e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

6. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTO, cando sexa distinto do procedemento aberto ou restrinxido E/OU XUSTIFICACIÓN DAS RAZÓNS QUE HABILITAN A TRAMITACIÓN URXENTE OU ANTICIPADA DO EXPEDIENTE, de acordo co establecido no artigo 119 LCSP e DA 3ª.2, respectivamente.-

Non procede.

Ferrol, na data e hora asinados dixitalmente

A xefa do servizo de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras.

Conforme,
O Concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente,
Servizos, Zona Rural e Obras